



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN DO 07 DE XULLO DE 2015

Sesión: Ordinaria

Lugar: Sala de Xuntas da Escola de Enxeñaría Forestal

Data: 07/07/2015

Hora de comezo: 12:20 h.

Hora de remate: 13:47 h.

ASISTENTES:

Cid Rodríguez Tania

Corbacho Valencia Juan Manuel

Dopico Aneiros Dolores

García González Silvia

García Soidán José Luis

Lantarón Caeiro Eva María

López Rubianes Lucrecia

Mato de la Iglesia Salustiano

Mollinedo Lois Carlos

Picos Martin Juan

Torres Romay Emma

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA:

García-Pintos Escuder Adela

González Dopazo Lois

Iglesias Besada Sara

Prieto Troncoso Javier José



ORDE DO DÍA:

1: Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento dos presentes.

2: Informe do Presidente.

O Sr. Reitor informa que a Xunta de Galicia aprobou tódolos planes de viabilidade propostos pola nosa universidade.

O Sr. Reitor informa que a transformación dos Axudantes Doutores, segundo a lexislación actual marcada polos recortes e a taxa de reposición non é posible, polo que despois de debaterse distintas opcións no Consello de Goberno, se optou pola figura de investigador, con salario equiparable a un contratado doutor e con vinculación á universidade.

D. Carlos Mollinedo, sinala que os contratos poden facerse ata 5 anos, pero individualmente son de 2 anos e con salario de contratados doutores. Tamén di que se deben seguir buscando solucións para este colectivo.

O Sr. Reitor, informa da reunión co Comité de Dirección Técnica do Campus CREA, onde se elaborou o primeiro informe do órgano e se enviou o Consello de Goberno. Tamén sinala que o Campus CREA estará presente en:

- Festival SINSAL, onde participará o alumando de grao, doutoramento e mestrado das Facultades de Belas Artes e Ciencias Sociais e da Comunicación nunha actividade formativa denominada “Exploradores” consistente nunha semana de cursos específicos sobre novas tecnoloxías e tendencias de vangarda en realidade aumentada, deseño 3D e visualización de datos en mapa.
- Festiva Novos Cinemas en colaboración co Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, a produtora pontevedresa Matriuska e Suso Novás
- Elaboración do mapa de capacidades dos grupos de investigación do campus para chegar á definición dun cluster que se presentará a partires de setembro aproximadamente a tódolos investigadores do campus

-



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo



- Proxectos como Humanizate, en colaboración co SERGAS, para humanizar determinados espazos do hospital provincial, ou a rede COST liderada pola Universidade de Oxford relacionada con temas de inclusión social liderado por parte da Universidade de Vigo pola profesora Ángeles Parrilla Latas.

O Sr. Reitor informa que respecto a transferencia dos resultados, estanse a localizar os distintos interlocutores empresariais, para facilitar a transferencia directa ás empresas relacionadas coa saúde e o deporte, mediante propostas creativas. Tamén estanse a intensificar as relacións co Concello e a Deputación de Pontevedra, para facilitar a especialización do Campus CREA na cidade.

O Sr. Reitor informa da reunión coa comisión do “Green Campus”, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e diversos colectivos, e con RENFE para a utilización do apeadoiro. E tamén da reunión coa ministra Ana Pastor para colaborar o Campus CREA cos Centros Tecnolóxicos de RENFE (CEDEX-RENFE).

O Vicerreitor informa da obras que estanse a realizar no Campus de Pontevedra:

- Modificación dos contadores de auga (online), individualizados para cada centro.
- Estanse a realizar obras de reparación dos distintos elementos na rotonda central.
- Na parcela 1 estase a limpar e retirar os restos, así como cegar o pozo e plantar céspede. Tamén vanse a realizar tarefas de limpeza das distintas zonas verdes e espazos entre as facultades.
- Nos próximos días retiraranse distintas polas e podaranse as árbores do campus.
- Estase a realizar o estudio topográfico da parcela da Facultade de CC. da Educación e do Deporte. Tamén estanse analizando os distintos aparcadoiros da facultade e do campus.
- Así como a limpeza da zona.
- Para o taller de pintura da Facultade de Belas Artes estase xestionando a sala de impresión 3D coa empresa adxudicataria.
- Na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación estanse a buscar solucións para actualizar o plató de televisión e o estudo de realización.



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo




- Estase a traballar nas posibles solucións para a auga que se acumula na entrada da Facultade de Fisioterapia.
- Na gardería do campus, estase a solucionar o problema da corrección do ph da auga.
- No Pavillón Universitario, estanse solucionando as distintas avarías aparecidas. Tamén estanse a establecer distintos convenios con entidades.

Área de Extensión Cultural, D. Manuel Morquecho, resume as actividades da área que foron:

- Foron programados 8 obradoiros.
- 4 ciclos de “Aula-Teatro”.
- 3 ciclos de cine.
- 1 ciclo de cine francés.
- 1 xornada de Jazz.
- Coro universitario: felicita ao profesor Marco Lucato polo apoio desinteresado para a súa dirección. O coro participou nos distintos actos de gradación do campus de Pontevedra, nas facultades de Ciencias da Educación e do deporte e de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- “Conversas na UVIGO” en colaboración co Diario de Pontevedra, nas que interviñeron distintos participantes.
- O 21 de abril, celebrouse o Día Internacional da Creatividade, que queda como data sinalada para o campus CREA.
- O 22 de abril, celebrouse o día da Terra, con actividades para o alumnado da ESO dos distintos institutos da zona.
- O 31 de abril, entregáronse os Premios de Relatos Curtos e Poesía.
- Organizouse o curso “El arte de escuchar”, con gran afluencia de público.
- Presentouse a revista “O salmón o mar”.
- Establecéronse colaboracións co Concello de Pontevedra, TANGRAM, emprendemento, turismo e interese empresarial.

3. Aprobación se procede, do plan de acción Green Campus:

O profesor Celso Cancela informa dos pasos realizados dentro do plan de acción do Green Campus, en colaboración con ADEAC, que pasou por varias fases:



- Reestruturación da web institucional da vicerreitoría do campus, para incluír a información do proxecto Green Campus e incluír os contidos medioambientais.
- Inclusión de bolseiros dedicados o proxecto.
- Se informará a tódolos centros do campus mediante os bolseiros asinados o Green Campus.
- Nos próximos días iniciaranse as obras de Incorporación do gas natural o Campus.
- Semana de recollida de aparellos electrónicos e electrónicos.
- Revisión co Ministerio de Fomento para incorporar barreiras acústicas que reduzan o ruído nos centros.
- Enquisa de concienciación do Green Campus.
- Colaboración co voluntariado de “Vai polo río”.
Tódalas evidencias enviaranse a ADEAC para completar a solicitude da Bandeira Verde para fin de ano.
Apróbase por unanimidade o plan de acción.

4. Rogos e preguntas.

- Vicente Romo solicita o apoio máximo da Reitoría e a vicerreitoría para axilizar os trámites co Ministerio de Fomento, para poder rematar o ximnasio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Carlos Mollinedo propón a elaboración dun código ético antitabaco para o Campus Verde.
- Dolores Dopico sinala que o Green Campus e unha oportunidade para crear grupos transversais entre os centros.
- Eva Lantarón solicita que se sinalice a entrada ó Campus polo túnel e se establezan preferencias de paso. Tamén solicita a poda das árbores próximas os centros do Campus.
- Emma Torres solicita que sexa contemplado no baremo de titulacións, o título de Dirección e Xestión Pública para que podan concursar os egresados ás prazas ofertadas polo Concello.
- Silvia García sinala que se inclúan ós coordinadores do Campus CREA na páxina web do Campus de Pontevedra.



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



- Carlos Mollinedo sinala que con frecuencia no Campus de Pontevedra se forma un embudo cos coches, e propón que se fale co Concello de Pontevedra e coa Ministra de Fomento, para crear unha saída por unha vía ó norte de campus.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:47 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra, a 7 de xullo de 2015

O Secretario

José Luis García Soidán